



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVICIO DE RECOLLIDA DE LIXO:

Artigo 1.- Fundamentos e natureza.- En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación cos artigos 20 e seguintes do Rd. Leg. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "taxa por recollida de lixo" que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cunhas normas que atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2.- Feito imponible.-

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos. Presumirase a existencia do feito imponible cando este vixente o subministro de auga nos locais ou vivendas.

2.- Para tal efecto, considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación e detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, entullos de obras, detritos humanos, materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou os que a súa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3.- Non está suxeita á taxa a prestación, de carácter voluntario para o Concello, e a pedimento de parte, dos seguintes servizos:

- a) Recollida de lixo e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de entullos de obras.

Estes servizos poderán prestarse mediante convenios cos interesados.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos.-

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares,





prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.

2.- Terá consideración de suxeito pasivo do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, de se-lo caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4.- Responsables.-

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refíren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5.- Exencións.- Non se recoñecen exencións a esta taxa, xa que dado o carácter hixiénico-sanitario e de interese xeral, o servizo é de obrigatoria aplicación e pagamento para toda persoa física ou xurídica, sen excepción ningunha, quedando totalmente prohibido o verquido de lixo en todo o territorio municipal.

Artigo 6.- Obrigación de contribuír.-

1.- O feito vén determinado pola prestación do servizo de recollida directa, polos de condución, trasfego, vertido, manipulación e eliminación do lixo domiciliario, e outros similares.

2.- A obrigación de contribuír nace coa prestación do servizo por te-la condición de obrigatoria e xeral, entendéndose utilizado polos titulares de vivendas e locais existentes na zona que cubra a organización do servizo.

3.- A obriga de contribuír extingúirse cando o usuario solicite a baixa no servizo e se comprobe a desaparición do principio de feito que serve de base a imposición.

A estes efectos considerarase como sinal externo de comprobación fehaciente, no seu caso, o desmontaxe do aparato medidor do subministro municipal da auga por contador. No caso de xestión integrada ca auga a tanto alzado o taponamento da acometida que determine a baixa no subministro será o sinal determinante da baixa dos servizos de recollida de lixo.

4.- O lixo será depositado polos usuarios do servizo nos colectores instalados para o efecto, e deberá ser introducido previamente en bolsas de plástico debidamente pechadas. O lixo que polas súas



características non poida ser depositado nas correspondentes bolsas será sacado á vía pública no momento da recollida.

En todo caso os usuarios do servizo deberán cumprimenta-la normativa que en cada momento estea vixente sobre recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, ditada pola administración xeral do Estado, pola Comunidade Autónoma, ou por este Concello.

5.- Suxeitos pasivos.- A taxa recae sobre as persoas que posúan e ocupen, por calquera título, vivendas ou locais en onde se preste o servizo. En concepto de suxeitos pasivos substitutos veñen obrigados ó pagamento os propietarios dos inmobles beneficiados polo servizo, sen prexuízo do dereito a repercuti-la taxa sobre os inquilinos ou arrendatarios.

Artigo 7.- Bases e tarifas.- As bases de percepción e tipo de gravame quedarán determinadas na seguinte tarifa anual.

<i>TARIFAS</i>	<i>BARBADAS</i>
Vivenda particular. Cando a recollida é diario	80,00 €
Vivenda particular. Cando a recollida non é diario	60,00 €
Comercio polo miúdo en xeral	115,00 €
Automóviles-Venda	115,00 €
Oficinas-despachos	115,00 €
Almacéns-Depósitos. Ata 100 m ²	150,00 €
De 101 a 300 m ²	200,00 €
De 301 a 500 m ²	400,00 €
superior a 500 m ² , por incrementos de 100 m ² ou fracción, se incrementará	50,00 €
Bancos	250,00 €
Cafeterías	150,00 €
Carpintería en xeral , Fontaneiría, Cerraxeiría	115,00 €
Colexios:	200,00 €
Escola infantil	115,00 €
Academias	115,00 €
Ximnasios	115,00 €
Igrexa-Templos evanxélicos	115,00 €
Perruquería- salón de beleza	115,00 €



CONCELLO DE BARBADÁS

<i>TARIFAS</i>	<i>BARBADAS</i>
Estación de servizo- Gasolinera	120,00 €
Bingos	250,00 €
Clínicas-Consultorios	115,00 €
Ambulatorios	250,00 €
Instalacións de Ocio infantil e xuvenil	150,00 €
Hostais e pensións	115,00 €
Farmacias	115,00 €
Loterías	115,00 €
Periódicos	115,00 €
Restaurantes	150,00 €
Restaurante Carrefour	2.000,00 €
Supermercados ata 100 m ²	180,00 €
Supermercados de 101 a 200 m ²	260,00 €
Supermercados de 201 a 300 m ²	450,00 €
Supermercados de 301 a 400 m ²	600,00 €
Supermercados de 401 a 500 m ²	750,00 €
Más de 500 m ²	1.200,00 €
Fábricas-Industrias ata 100 m ²	120,00 €
De 101 a 300 m ²	400,00 €
De 301 a 500 m ²	600,00 €
Superior a 500 m ² , se incrementará por cada 100 m ² ou fracción	115,00 €
Garaxes con lavado e taller	115,00 €
Hoteis 4 estrelas	300,00 €
Hoteis de 3 estrelas	250,00 €
Imprentas e litografías	150,00 €
Empresas de reciclaxe	3.000,00 €
Sanitarios-Residencia –Hospitais (ata 80 camas)	1.500,00 €
Sanitarios-Residencia-Hospitais (+ de 80 camas)	6.000,00 €
Hípicas	115,00 €
Superficies comerciais de máis de 500 m ²	900,00 €
Mantemento e Reparación do Automóvil ata 100 m ²	115,00 €
De 101 m ² a 200 m ²	120,00 €





CONCELLO DE BARBADÁS

<i>TARIFAS</i>	<i>BARBADAS</i>
Máis de 200 m ²	200,00 €
Motel	300,00 €

Artigo 8.- Devengo.-

1.- Terá lugar o día 1 de Xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, no suposto de inicio o cese do uso do servizo, prorratearase por BIMESTRES, liquidándose lo que proceda en cada caso de altas e minorando o recibo ou devolvendo lo percibido en exceso para o caso das baixas.

2.- A taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo devengarase conxunta e íntegramente ca taxa de auga e nos seus mesmos períodos impositivos para aqueles suxeitos pasivos que gocen, aproveítense ou utilicen ambos servizos. Se, de acordo cos epígrafes contidos nas tarifas gozan ou utilizan exclusivamente o servizo de recollida de lixo o devengo será bimensual.

Artigo 9.- Infraccións e sancións.- En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como as sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto coa Lei xeral tributaria.

Disposición final.- A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP tralo cumprimento previo dos requisitos legais pertinentes, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Barbadás, 19 de decembro de 2011

O alcalde

Fdo.: José Manuel Freire Couto

